

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2025

Ás 10.00 horas do día 31 de outubro de 2025, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: Don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Dona Sherezade Núñez Rodríguez

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Xosé Carlos Valcárcel Doval

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourenzana:

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Don Antonio Fernández Martín

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto seis da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2025 (EXP. Nº 2025/10H/PLENO).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de setembro de 2025.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 26 de setembro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXP. Nº 2025/21593S).

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación pola Deputación Provincial de Ourense, quedando o seu texto íntegro coa seguinte redacción:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación pola Deputación Provincial de Ourense.

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto no artigo 132 en relación cos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Deputación Provincial de Ourense establece a taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público competencia das entidades locais e doutras entidades de dereito público da provincia de Ourense, que delegaran ou encomendaran ditas competencias na entidade provincial.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos e realización de actividades administrativas necesarias para exercer as funcións de xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público que se deleguen ou encomenden á Deputación Provincial de Ourense.

Con respecto á delegación das facultades de xestión tributaria e recadación en executiva dos ingresos de dereito público que sexan de devindicación periódica unicamente se aceptará esta pola Deputación Provincial de Ourense se tamén se delega a recadación en período voluntario dos ditos ingresos

Artigo 3.- SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN

Non están suxeitos a esta taxa os servizos de xestión, inspección e recadación da recarga provincial sobre o Imposto de Actividades Económicas.

Artigo 4.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, os concellos e demais entidades de dereito público que deleguen na Deputación Provincial de Ourense as facultades de xestión, inspección e recadación dos seus recursos de dereito público (tributarios ou non).

Artigo 5.- BASE IMPOÑIBLE

A base imponible sobre a que se aplicarán as tarifas do artigo 6 virá determinada polo importe do efectivamente recadado.

Artigo 6.- COTA TRIBUTARIA E TIPO DE GRAVAME

A) Recadación voluntaria:

A cota tributaria resulta de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5%.

B) Recadación executiva

A taxa para satisfacer pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga do período executivo que corresponda en cada caso.

C) Servizos de inspección

A cota tributaria será o resultado de aplicar un tipo de gravame do 15% aos importes recadados pola débeda descuberta no exercicio das función inspectoras delegadas. No suposto de que a recadación se produza en período executivo aplicarase así mesmo un tipo de gravame do 100% da recarga do período executivo que pagara o debedor.

Artigo 7.- EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

Non se autorizarán exencións nin bonificacións sobre as cotas que resulten por aplicación das tarifas previstas nesta Ordenanza, salvo aquelas que veñan establecidas, con carácter xeral, nas disposicións legais aplicables.

Artigo 8.- DEVINDICACIÓN

A taxa devindícase e nace a obriga de contribuír cando a Deputación Provincial de Ourense realiza as función descritas no artigo 2 desta Ordenanza, cuxa titularidade lles corresponde ós concellos e entidades públicas que delegaran a súas competencias na Deputación de Ourense.

Artigo 9.- LIQUIDACIÓN E INGRESO

A taxa resultante de aplicar as tarifas previstas nesta Ordenanza aboaranse na data en que a Deputación Provincial de Ourense ordene a transferencia dos ingresos por cuxa recadación se devindicou a taxa. A Deputación de Ourense liquida a taxa e notifícalle ó concello ou ó ente acredor, mediante comunicación trimestral, o volume total de recadación e a contía da taxa, ó tempo que ordena a transferencia do importe pola diferenza entre recursos recadados e taxa liquidada.

Artigo 10.- ANTICIPOS

A Deputación Provincial de Ourense poderá entregarlles anticipos a conta ós entes locais da provincia que teñan delegada a recadación voluntaria de tributos e prezos públicos de vencemento periódico.

O importe dos anticipos a conta poderá alcanzar ata o 75% do recadado en período voluntario do exercicio anterior polos tributos e prezos públicos de devindicación periódica, cuxa recadación teña encomendada a Deputación. Excepcionalmente, esta porcentaxe poderá alcanzar ata o 95% cando se xustifique por parte do concello a existencia dunha necesidade urxente ou desfase transitorio de tesourería, e así sexa apreciado polo órgano competente para a súa concesión. Os anticipos deberán ser solicitados polos entes locais, non podendo pedirse máis de doce anualmente.

Antes do remate do primeiro trimestre do exercicio seguinte, a Deputación practicará a oportuna liquidación dos servizos tributarios, facéndose efectivo, se é o caso, o saldo que poida resultar a favor dos concellos, unha vez deducidas as entregas efectuadas a conta. Se a recadación efectiva fose inferior ás cantidades anticipadas no ano, o saldo negativo resultante nesta liquidación final regularizárase ao longo do exercicio seguinte.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Sancións en materia de tributos e demais recursos de dereito público

O importe das sancións que impoña a Deputación Provincial de Ourense por infraccións cometidas polos contribuíntes ou obrigados ó cumprimento de obrigas en materia tributaria ou de calquera outro recurso, corresponderalle, na súa totalidade, á Deputación de Ourense.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- Xuros de mora

Os importes recadados por xuros de mora corresponderalles, na súa totalidade, ás administracións titulares dos recursos por cuxa xestión de cobro se recadaron.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.- Custos

Os custos e outros gastos legalmente esixibles ó obrigado ó pagamento nos que se incorra no proceso de recadación executiva serán ingresos da Deputación Provincial de Ourense.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

As tarifas previstas nesta Ordenanza aplicaranse sobre as liquidacións que se aproben a favor das entidades delegantes a partir da súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Os concellos ou entidades de dereito público que teñan delegado na Deputación Provincial de Ourense as facultades recadación executiva dalgún ingreso de dereito público de devindicación periódica disporán do prazo dun ano a partir da aprobación definitiva da modificación desta Ordenanza para delegar a recadación voluntaria de dito ingreso de dereito público. En caso de non efectuar esta delegación da recadación voluntaria no prazo dun ano, a delegación da recadación executiva deixará de estar vixente, revertendo no concello ou entidade delegante.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a anterior “Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo provincial de recadación de tributos municipais” publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense n.º 98 de data 30 de abril de 1993.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo: Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, todo iso de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da corporación provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DE TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DE CORTEGADA (EXP. Nº 2025/22146Q).

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo concello de Cortegada a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 8 de outubro de 2025, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos ditados dos seguintes tributos e ingresos de dereito público:

- Imposto de bens inmobles (IBI).
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).
- Imposto sobre actividades económicas (II.AA.EE).
- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa polo servizo de Sumidoiros.
- Taxa de Entrada de Vehiculos.

- Canon da auga (salvo as facultades de recadación executiva e revisión dos actos ditados nesa vía),

nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello de Cortegada, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

A presente delegación entrará en vigor, unha vez aceptada pola Deputación Provincial, o 1 de xaneiro de 2026, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN NÚM. 1/2025 DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO INTEGRADO NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DE 2025 (EXPTE. Nº 2025/22289K).

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 1/2025 do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento., do seguinte xeito:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
136/13001 Servizo de prevención e extinción de incendios. Horas extraordinarias	150.000,00 €
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO MC 1/2025	150.000,00 €

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
136/62200 Servizo de prevención e extinción de incendios. Edificios e outras construcións	136.000,00 €
136/62300 Servizo de prevención e extinción de incendios. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	176.000,00 €
136/62500 Servizo de prevención e extinción de incendios. Mobiliario	8.000,00 €
136/62600 Servizo de prevención e extinción de incendios. Equipos para procesos de información - Programa xestión de emerxencias	35.000,00 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS MC 1/2025	355.000,00 €

RECURSOS		
87000	Remanente tesouraría para gastos xerais	505.000,00 €

A presente modificación que **se eleva a 505.000,00 euros** finánciase con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

2º) De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 10/2025 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS CONSISTENTE NA CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS E DA MODIFICACIÓN DO ANEXO IV DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DPOU, FINANCIADO CON CARGO A MAIORES INGRESOS RECADADOS (EXPTE. N° 2025/21767M).

A esta proposta presentouse unha emenda de modificación debido á solicitude do Concello de Vilamartín de Valdeorras dun cambio de finalidade da subvención.

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e sométese a votación a proposta coa inclusión da emenda de modificación presentada e, co voto favorable do Grupo Popular (12) e do BNG (3) e a abstención do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 10/2025 de modificación de créditos consistente na concesión de suplementos de créditos e da modificación do anexo IV das bases de execución do Orzamento vixente da DPOU, do seguinte xeito:

Suplementos de créditos:

CAPÍTULO IV

- **Aplicación orzamentaria 45012/46299 “ Cooperación provincial. Concellos”**

CONCELLOS	IMPORTE	CONCEPTO
BLANCOS	30.000,00 €	Amortización de débeda
TOTAL	30.000,00 €	

- **Aplicación orzamentaria 16611/60000 “ Expropiacións provinciais. Investimentos en terreos”**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
16611/60000	60.000,00 €	Expropiac. Provinciais. Investimentos en terreos
TOTAL	60.000,00 €	

TOTAL Capítulo IV. Transferencias correntes	90.000,00 €
--	-------------

CAPÍTULO VII

- **Aplicación orzamentaria 45012/76299 “ Cooperación provincial. A concellos”**

CONCELLOS	IMPORTE	CONCEPTO
ALLARIZ	50.000,00 €	Plan de renovación do espazo público e vías urbanas
AMOEIRO	40.000,00 €	Mellora da pavimentación en Povoanza
ARNOIA	4.510,62 €	Instalación de novo marcador electrónico no pavillón polideportivo de Arnoia
ARNOIA	21.527,72 €	Re acondicionamento do peche perimetral do campo de fútbol
ARNOIA	18.142,78 €	Melloras na iluminación do campo de fútbol

ARNOIA	5.818,87 €	Instalación da bomba de rego no campo de fútbol
AVIÓN	60.000,00 €	Renovación das instalacións de Alumeado Público e Impresión de Tecnoloxías TIC "
BALTAR	40.000,00 €	Bacheos en vías municipais
BALTAR	15.000,00 €	Equipamento para espazos públicos
BANDE	5.000,00 €	Acondicionamento de Cumbreira en Casa de O Baño
BANDE	6.000,00 €	Mellora da EDAR de Bande
BANDE	5.000,00 €	Mellora de camiños no núcleo de Pereira
BANDE	10.000,00 €	Mellora e camiños no núcleo de Corvelle
BANDE	4.000,00 €	Mellora de camiños no núcleo de Calvos
BANDE	30.000,00 €	Mellora de camiños no núcleo de Sarreaus e Seoane
BAÑOS DE MOLGAS	60.000,00 €	Rexeneración de firme no núcleo de Francos e rexeneración de firme no núcleo de Brandín
BARBADÁS	50.000,00 €	Reforma de beirarrúas en Finca Fierro: rúa da Edra. Rúa Milladoriro, rúa dos Lindeiros, rúa de Forcelos
BARCO DE VALDEORRAS	55.464,27 €	Melloras das instalacións deportivas de Calabagueiros
BARCO DE VALDEORRAS	44.535,73 €	Subministro e instalación de 265 butacas e repostos de asento e respaldo para o teatro Lauro Olmo
BEADE	30.000,00 €	Abastecemento en AS Regadas
BEADE	30.000,00 €	Saneamento en Beade
BEADE	40.000,00 €	Arranxo de camiños municipais en Beade
BEARIZ	30.000,00 €	Acondicionamento de camiños en Garfián

BOBORÁS	9.000,00 €	Cofinanciamento de proxecto melloras da eficiencia das captacións do río Viñao e dixitalización de infraestruturas
BOBORÁS	9.000,00 €	Cofinanciamento da rehabilitación de tramo de colector en Brues e dixitalización de infraestruturas de saneamento
BOBORÁS	44.000,00 €	Obras de mellora e investimento na rede de abastecemento, saneamento e pluviais
BOBORÁS	18.000,00 €	Obras de mellora, canalización e ensanche do vial de acceso ao curro en Feás.
BOLA, A	40.000,00 €	Acondicionamento entorno Barreal
BOLA, A	20.000,00 €	Apertura de pista dende A Seara a Rairigo
BOLO, O	13.000,00 €	Mellora de saneamento no núcleo de Celavente
BOLO, O	43.800,00 €	Fosa séptica O Bolo
BOLO, O	21.300,00 €	Mellora de camiño núcleo de Valbuxán
BOLO, O	1.900,00 €	Adquisición de bancos públicos
CALVOS DE RANDÍN	60.000,00 €	Mellora da captación de auga de abastecemento en Vila e mellora do alcantarillado e camiños en Santiago, Padroso e Rubiás
CARBALLEDA DE AVIA	39.275,00 €	Substitución de cubrición do edificio do centro de saúde
CARBALLEDA DE AVIA	11.252,03 €	Instalación de autoconsumo colectivo para comunidade enerxética en Carballeda de Avia
CARBALLEDA DE AVIA	49.472,97 €	Rehabilitación do tellado da casa do concello
CARBALLEDA DE VALDEORRAS	80.000,00 €	Reparación e recuperación de beirarrúas e espazo urbano no núcleo de Sobradelo
CARBALLIÑO,O	50.000,00 €	Melloras rúas Azucena e pasaxe de Flores

CARTELLE		60.000,00 €	Mellora de viais en camiños municipais
CASTRELO MIÑO	DE	8.555,85 €	SUBVENCIONS 2025: MR701E Plan Camiña Rural Ano 2025
CASTRELO MIÑO	DE	10.589,56 €	Programa Galicia refuxio climático MT975Y Ano 2025
CASTRELO MIÑO	DE	2.313,40 €	Fondo de compensación ambiental conxunta con Arnoia (PR483D) Ano 2025
CASTRELO MIÑO	DE	10.000,00 €	Fondo de compensación ambiental individual 2025 (PR483C) praza Traveso Ano 2025
CASTRELO MIÑO	DE	7.435,97 €	SUBVENCIONS 2025 Plan Hurbe - Camiño A Bouza - As Bouzas. Ano 2025
CASTRELO MIÑO	DE	9.200,44 €	Subvención para execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais (AU301E). Ano 2025
CASTRELO MIÑO	DE	9.332,84 €	Subvención execución de obras para reducir infiltracións nas redes de saneamento municipais (AU300D). Ano 2025
CASTRELO MIÑO	DE	12.571,94 €	Melloras e mantemento no abastecemento e saneamento do concello de Castrelo de Miño
CASTRELO VAL	DO	39.900,00 €	Pavimentación e pluviais en A Rúa o Cruceiro en Nocado do Val
CASTRELO VAL	DO	20.100,00 €	Pavimentación en Rúa de Abaixo en Castrelo do Val
CASTRO CALDELAS		40.000,00 €	Pavimentación de viais municipais nos núcleos da vila.
CELANOVA		20.000,00 €	Acondicionamento e dotación de local municipal para aula de estudio
CELANOVA		30.000,00 €	Acondicionamento asfáltico de vías públicas(Entorno de pavillón, Pedra da Móa, cuartel G.Civil e entronque coa Ctra. Ou0251)
CENLLE		15.501,89 €	Acondicionamento do sistema de depuración existente en Trasariz

CENLLE	4.548,11 €	Barreras de seguridade en vías públicas en Cima de Vila e Barbantes
CENLLE	40.000,00 €	Mellora de camiños rurais no núcleo de Barbantes
CENLLE	19.950,00 €	Mellora acceso en Esposende
CHANDREXA DE QUEIXA	100.000,00 €	Melloras nos abastecementos de auga do concello de Chandrexa de Queixa
COLES	32.414,69 €	Canalizacións de pluviais e saneamento en Ribela
COLES	7.585,31 €	Reparación e asfaltado de pistas en Cambeo e San Lourenzo
CORTEGADA	40.000,00 €	Reparación do saneamento en Louredo
CORTEGADA	20.000,00 €	Alumeado estrada a San Benito
CUALEDRO	85.362,77 €	Acondicionamento almacén veciñal en A Xironda
CUALEDRO	14.637,23 €	Substitución e saneamento en Pedrosa
ENTRIMO	50.000,00 €	Mellora tránsito peonil A Barreira - Feira Vella
ESGOS	45.000,00 €	Pavimentación de vías municipais
ESGOS	15.000,00 €	Melloras no abastecemento a Gomariz
GOMESENDE	30.000,00 €	Mantemento de vías en accesos a parroquia de Trasportela, Moreiras, Gomesende e centro de saúde.
GUDIÑA,A	48.000,00 €	Reforma interior Casa da Cultura
GUDIÑA,A	18.000,00 €	Muro de contención en Pentas
GUDIÑA,A	34.000,00 €	Pavimentación en varios núcleos do concello (Erosa, Carracedo e A Gudiña
IRIXO,O	40.000,00 €	Mellora de vias municipais
LAROUCO	100.000,00 €	Estabilización de edificación en Larouco
LAZA	20.000,00 €	Abastecemento e saneamento na estrada de Cerdedelo

LAZA	25.000,00 €	Alumeado acceso e praza da Picota
LAZA	35.000,00 €	Urbanización e acondicionamento entorno da residencia de maiores de Laza
LEIRO	20.000,00 €	Beirarrúas en Bieite
LEIRO	35.000,00 €	Rehabilitación de hórreos na área recreativa do regato do Foxo
LOBEIRA	30.000,00 €	Mellora da eficiencia enerxética en Vilariño de San Xés e mellora da conexión levada de Senderiz
LOBIOS	40.000,00 €	Mellora en viais municipais concello de Lobios
MACEDA	25.000,00 €	Iluminación barrio As Canteiras
MACEDA	47.000,00 €	Bacheos nos núcleos de Cimadevila, A Costa, Baldrei, Batán e Castro de Escuadro
MACEDA	28.000,00 €	Arranxo estrada entre os núcleos de Vascós e Xinzo da Costa
MANZANEDA	25.000,00 €	Pozo de barrena para abastecemento de Manzaneda e San Martiño
MANZANEDA	31.500,00 €	Mantemento Estrada a Cimadevila
MANZANEDA	43.500,00 €	Obras mantemento Estrada OU44027, Raigada-O Bao
MASIDE	25.000,00 €	Actuacións na tabiquería interior do edificio sito na rúa Principal, 67 de Maside
MASIDE	15.000,00 €	Adecuación e reparación de 2 EDAR no lugar de Constanza
MELÓN	15.000,00 €	Fonte de Melón e contorna
MELÓN	45.000,00 €	Firme de rodadura en camiños de Barcia, Tourón, A Serra, Penavaqueira, praza da escola de Penavaqueira
MERCA,A	60.000,00 €	Mellora de eficiencia enerxética en varios núcleos do concello
MEZQUITA,A	20.000,00 €	Teito de vivendas (antiga vivenda dos mestres)

MEZQUITA,A		28.500,00 €	Rehabilitación de vivenda 2ºD (antiga vivenda dos mestres)
MEZQUITA,A		28.500,00 €	Rehabilitación de vivenda 3ºD (antiga vivenda dos mestres)
MEZQUITA,A		23.000,00 €	Arranxo dos vestiarios - wc piscinas municipais
MONTEDERRAMO		46.500,00 €	Pavimentación Castiñeira de Seoane
MONTEDERRAMO		33.500,00 €	Saneamento Suspiazo de Abaixo.
MONTERREI		35.000,00 €	Reforma e mellora do parque infantil de Flariz
MONTERREI		25.000,00 €	Arranxo da vía pública en Medeiros
MONTERREI		40.000,00 €	Arranxo da vía pública na Madalena
MUIÑOS		40.000,00 €	Alumeado público en senda peonil Mugeimes-Abelleira-Rabeca
MUIÑOS		20.000,00 €	Acondicionamento espazos públicos en Xermade, Porqueirós e Pazos
NOGUEIRA RAMUÍN	DE	40.000,00 €	Reparación da Rede de saneamento de Luintra
NOGUEIRA RAMUÍN	DE	7.000,00 €	Mellora alumeado no Mesón (Peares)
NOGUEIRA RAMUÍN	DE	6.000,00 €	Muro de contención na Seara
NOGUEIRA RAMUÍN	DE	7.000,00 €	Muro de contención en parcela municipal
OÍMBRA		17.000,00 €	Cofinanciamento de obras de abastecemento e saneamento do concello de Oimbra
OÍMBRA		35.000,00 €	Acondicionamento de espazos públicos en Videferre
OÍMBRA		48.000,00 €	Renovación de infraestruturas municipais
PADERNE ALLARIZ	DE	10.575,40 €	Obra de renovación de climatización na casa do Concello

PADERNE ALLARIZ	DE	17.441,13 €	Obra de mellora de firme en vial municipal en Cantoña e Figueiredo
PADERNE ALLARIZ	DE	16.688,39 €	Obra de demolición do edificio municipal-antigo centro de saúde
PADERNE ALLARIZ	DE	7.223,41 €	Obra de reposición de saneamento en Ermide
PADERNE ALLARIZ	DE	8.071,67 €	Obra de ampliación da redde de abastecemento en Figueiredo
PADRENDA		40.000,00 €	Reconstrución de Muros en Freáns de Crespos
PADRENDA		20.000,00 €	Pavimentación de acceso en Vendas
PARADA DE SIL		10.000,00 €	Reparación de solos exteriores da residencia de maiores
PARADA DE SIL		12.000,00 €	Traballos de reparación e mellora de vías e fontes en distintos núcleos do Concello de Parada de Sil:
PARADA DE SIL		8.000,00 €	Drenaxe e illamento das vivendas municipais en Fondodevila
PEREIRO AGUIAR	DE	50.000,00 €	Eficiencia enerxética en Lamela e outros
PEROXA,A		40.000,00 €	Alcantarillado en Lentomil
PETÍN		32.832,45 €	Acondicionamento cubertas antigas escolas de Petín
PETÍN		48.000,00 €	Pavimentación da rúa da Igrexa en Petín (tramo 2)
PETÍN		19.167,55 €	Acondicionamento rúa Gorgoloto e callejón en A Portela de Portomourisco
PIÑOR		15.000,00 €	Iluminación e equipación entorno do centro cultural
PIÑOR		40.000,00 €	Humanización da praza do Arenteiro
POBRA TRIVES, A	DE	100.000,00 €	Arranxo de vía municipal

PONTEDEVA	30.000,00 €	Arranxo de camiño en Freans
PORQUEIRA	4.570,69 €	Cofinanciamento do plan camiña 25/26
PORQUEIRA	15.000,00 €	Cofinanciamento da subv de infraestruturas de melloras de firme en rúas e accesos de Xocín - Telladas, Paradela de Abeleda e Reboreda.
PORQUEIRA	8.839,34 €	Cofinanciamento mellora plan rehabilitación de camiños en zona de concentración parcelaria
PORQUEIRA	3.266,96 €	Cofinanciamento plan marco 24/25
PORQUEIRA	2.751,00 €	Cofinanciamento PMCM 23/24
PORQUEIRA	15.572,01 €	Mellora de infraestruturas viarias e eficiencia enerxética
PUNXÍN	30.000,00 €	Melloras das vías municipais
QUINTELA DE LEIRADO	17.000,00 €	Adecuación de local destinado a cursos AFD
QUINTELA DE LEIRADO	33.000,00 €	Pavimentación e pluviais en Leirado
RAIRIZ DE VEIGA	40.000,00 €	Mellora da rede viaria municipal
RAMIRÁS	40.000,00 €	Mellora de infraestruturas viarias municipais
RIBADAVIA	30.000,00 €	Adquisición de equipamento deportivo
RIBADAVIA	25.000,00 €	Mellora de viais municipais no concello de Ribadavia
RIÓS	44.718,88 €	Dobre rega asfáltica en San Pedro de Trasverea
RIÓS	39.661,28 €	Reparación de pavimentación nas rúas de Cortegada
RIÓS	9.450,00 €	Cofinanciamento de melloras na rede de abastecemento do concello de Riós
RIÓS	6.169,84 €	Bacheo e reparación de estradas
RÚA,A	70.000,00 €	Urbanización prolongación rúa Mazaira. Terceira fase

RÚA,A	30.000,00 €	Mellora das instalacións da Casa da Cultura da Rúa
RUBIÁ	48.000,00 €	Acondicionamento de espazos públicos
RUBIÁ	48.000,00 €	Mellora e infraestruturas en vías públicas
RUBIÁ	4.000,00 €	Derruba de inmobile en ruína
SAN AMARO	40.000,00 €	Reforma estrada Beariz,A Viriña, Salamonde
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	48.938,00 €	Modificación de vial en Polígono Barreiros
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	21.602,00 €	Ensanche de vial en Prado (Soutopenedo)
SAN CRISTOVO DE CEA	40.000,00 €	Arranxo de parque infantil en Cea e Oseira
SAN XOÁN DE RÍO	50.000,00 €	Formigonado en núcleos rurais
SANDIÁS	40.000,00 €	Arranxo de viais na parroquia de Sandiás
SARREAUS	30.000,00 €	Parque infantil en Lodoselo
SARREAUS	30.000,00 €	Mellora de viais urbanos
TABOADELA	40.000,00 €	Reforma do Palomar
TEIXEIRA,A	50.000,00 €	Mellora de viais en Abeleda e Cristosende
TOÉN	40.000,00 €	Mellora de espazos públicos no núcleo de Toén
TRASMIRAS	39.784,04 €	Saneamento de Casás
TRASMIRAS	20.003,09 €	Mellora de saneamento en Escornabois
VEIGA,A	48.000,00 €	Saneamento, augas e firme en Espiño
VEIGA,A	38.000,00 €	Saneamento, augas e firme en Corzos
VEIGA,A	12.000,00 €	Saneamento, augas e firme en Casdenodres
VEREA	54.000,00 €	Obras de peche do multiusos
VERÍN	80.000,00 €	Ampliación de beirarrúas, calle Luis Espada fase 2

VIANA DO BOLO	21.000,00 €	Obras de mellora no cemiterio de Viana
VIANA DO BOLO	12.600,00 €	Obras de ocultación contenedores
VIANA DO BOLO	15.000,00 €	Melloras zona "O Campiño"
VIANA DO BOLO	36.300,00 €	Adquisición de máquinas barredoiras
VIANA DO BOLO	15.000,00 €	Reparación de solo e cubrición do patio da gardería
VILAMARÍN	40.000,00 €	Mellora da capa de rodadura na capitalidade do municipio
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	50.820,00 €	Investimento en planta potabilizadora
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	49.180,00 €	Obras de infraestrutura en San Miguel de Outeiro
VILAR DE BARRIO	18.000,00 €	Adquisición de remolque
VILAR DE BARRIO	37.000,00 €	Mellora de viais municipais
VILAR DE SANTOS	30.000,00 €	Reforma e humanización da praza do concello
VILARDEVÓS	51.900,00 €	Depósito regulador abastecemento A Devesa.
VILARDEVÓS	31.314,90 €	Reforma de parque infantil e área recreativa asociada en Florderrei
VILARDEVÓS	16.785,10 €	Reparacións de pavimentacións en A Trave
VILARIÑO DE CONSO	100.000,00 €	Proxecto básico e de execución de piscina e parque na praia fluvial do Cenza
XINZO DE LIMIA	55.000,00 €	Saneamento e abastecemento na Avda de Madrid e cambio de ventás da Escola de Piñeira Seca

XUNQUEIRA DE AMBÍA	40.000,00 €	Bacheos en parroquia Abeleda e Xunqueira e parque infantil en Abeleda.
XUNQUEIRA DE AMBÍA	10.000,00 €	Parque infantil A Pousa
XUNQUEIRA DE AMBÍA	10.000,00 €	Arranxo camiño Salgueiro -Marzás
XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO	30.000,00 €	Cuberta da pista de pádel.
TOTAL	5.752.227,12 €	

- **Aplicación orzamentaria 45012/76299 “ Cooperación provincial. A concellos”**

CONCELLOS	IMPORTE	CONCEPTO
A PEROXA	250.000,00 €	Construccion fogar residencial
CARBALLEDA DEAVIA	57.150,65 €	Construccion residencia da Idade
VILAMARIN	100.000,00 €	Construcción dunha residencia de maiores
TOTAL	407.150,65 €	

TOTAL Capítulo VII. Transferencias de capital	6.159.377,77 €
--	-----------------------

Resumo do expediente de modificación de créditos número 10/ 2025,

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO			FINANCIAMIENTO	
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Denominación	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
45012/46299	Coop. Provincial . A concellos	30.000,00 €	42010	6.249.377,77 €
16611/60000	Expropiacións provinciais.Investmentos en terreos	60.000,00 €		
45012/76299	Coop. Provincial . A concellos	6.159.377,77 €		
	TOTAL	6.249.377,77 €	TOTAL	6.249.377,77 €

O Pleno da corporación provincial, na sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2025, acordou á aprobación inicial da MC 2/2025 dos orzamentos vixentes da Deputación Provincial, publicada á aprobación definitiva no BOP número 98 de 26.05.2025.

Incluíase unha achega económica xenérica dentro da **aplicación orzamentaria 41411/76201** (Medio rural. A Concellos, subvencións) para a colaboración con obras e servizos de competencia municipal, cantidade que se determina neste acto, **e que non implica modificación cuantitativa neste expediente.**

BENEFICIARIO	IMPORTE CONCEPTO
Concello de Ourense	Programa especial de cooperación para o cofinanciamento de obras promovidas polo Concello de Ourense (2025-2026)
TOTAL	140.000,00 €

Conclusión.- A presente modificación, que está estruturada e adaptada ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro de 2008 pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo se eleva a **6.249.377,77 euros** e finánciase co maiores ingresos dos inicialmente previstos no orzamento.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA PROVINCIAL POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DE COMPETENCIA LOCAL (EXPTE. Nº 2025/20156G).

D. José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa provincial pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local co seguinte contido:

- No artigo 1.- Ámbito de aplicación, incluír o Concello de Cortegada.
- No artigo 6, no apartado referido ás características da cota tributaria, onde se indica que “A liquidación da cota realizarase con carácter trimestral de conformidade co disposto no artigos 10 e 12 desta ordenanza fiscal” modificar por “A liquidación da cota realizarase con carácter anual de conformidade co disposto no artigos 10 e 12 desta ordenanza fiscal.”
- No artigo 9 no apartado referido ás reducións da cota, onde se indica “Co fin de fomentar a separación en orixe e a recollida selectiva da fracción orgánica de calidade (FORM), aplicarase unha redución do 20% sobre a cota trimestral...” modificar por “Co fin de fomentar a separación en orixe e a recollida selectiva da fracción orgánica de calidade (FORM), aplicarase unha redución do 20% sobre a cota anual...”
- No artigo 10.5 onde indica que “5. A liquidación da taxa realizarase trimestralmente...” modificar por “5, A liquidación da taxa realizarase anualmente...”
- No apartado 2 do artigo 12 onde se indica que “2. O cobro da taxa será trimestral” modificar por “2. O cobro da taxa será anual.”
- No apartado 3 do artigo 12 onde se indica que “3. Nos supostos en que se produzan modificacións dos suxeitos pasivos con posterioridade ao 1 de xaneiro de cada exercicio tributario, estas modificacións producirán efecto a partir do trimestre natural seguinte á data de efectividade da modificación” modificar por “3. Nos supostos en que se produzan modificacións dos suxeitos pasivos con posterioridade ao 1 de xaneiro de cada exercicio tributario, estas modificacións producirán efecto a partir do ano natural seguinte á data de efectividade da modificación.”
- No artigo 6, no apartado referido ás “Reducións da cota en vivendas- 1. Redución por realización de compostaxe” onde di: “As vivendas que realicen compostaxe doméstica de maneira adecuada, ou no seu caso estean adheridos a un programa de compostaxe comunitario, terán dereito a unha redución do 30% na cota. Esta redución poderá solicitarse mediante acreditación por parte do suxeito pasivo, quen deberá demostrar a realización da compostaxe, segundo o establecido na ordenanza reguladora do servizo, e logo de comprobación técnica por parte da Deputación, que verificará condicións como a achega de material orgánico, a

humidade e a temperatura, e no seu caso o número de aportes anuais ao composteiro comunitario.”, modificar por: “As vivendas que realicen compostaxe doméstica de maneira adecuada, ou no seu caso estean adheridos a un programa de compostaxe comunitario, terán dereito a unha redución do 30% na cota. Esta redución poderá solicitarse mediante acreditación por parte do suxeito pasivo, quen deberá demostrar a realización da compostaxe por vivenda, segundo o establecido na ordenanza reguladora do servizo, e logo de comprobación técnica por parte da Deputación, que verificará condicións como a achega de material orgánico, a humidade e a temperatura, e no seu caso o número de aportes anuais ao composteiro comunitario.”

- No artigo 6, no apartado referido ás “Reducións da cota en vivendas- 1. Redución por depósito de residuos en punto limpo” onde di: “A cota tributaria reducirase nun 10% para as vivendas cuxos suxeitos pasivos realizasen polo menos dous entregas en un punto limpo (fixo ou móbil) durante o exercicio anual anterior. O suxeito pasivo poderá solicitar a redución mediante a acreditación documental, presentando xustificantes emitidos polo punto limpo que especifiquen as datas e os tipos de residuos depositados. A Deputación de Ourense tamén poderá aplicar esta redución de oficio, sempre que dispoña dos datos necesarios para acreditar o cumprimento dos requisitos.”, modificar por: “A cota tributaria reducirase nun 10% para as vivendas cuxos suxeitos pasivos realizasen polo menos dúas entregas nun punto limpo (fixo ou móbil) pertencente á Rede Provincial de Puntos Limpos da Deputación de Ourense, durante o exercicio anual anterior. O suxeito pasivo poderá solicitar a redución mediante a acreditación documental, presentando xustificantes emitidos polo punto limpo que especifiquen as datas e os tipos de residuos depositados. A Deputación de Ourense tamén poderá aplicar esta redución de oficio, sempre que dispoña dos datos

- No Capítulo III- relativo ás taxas por residuos comerciais, no artigo 9, no apartado referido ás “Reducións da cota” , onde di: “Co fin de fomentar a separación en orixe e a recollida selectiva da fracción orgánica de calidade (FORM), aplicarase unha redución do 20% sobre a cota trimestral para aqueles locais comerciais que realicen unha recollida selectiva adecuada da fracción orgánica e se adhiran á recollida específica de grandes produtores de biorresiduos que se estableza. Esta redución será aplicable tanto para inmobles con recollida en contedores colectivos como naqueles con recollida en contedores de uso exclusivo”, modificar por: “Co fin

de fomentar a separación en orixe e a recollida selectiva da fracción orgánica de calidade (FORM), aplicarase unha redución do 20% sobre a cota trimestral para aquelas actividades comerciais que realicen unha xestión selectiva adecuada da fracción orgánica, optando ou por fórmulas de xestión en proximidade ou se adhiran á recollida específica de grandes produtores de biorresiduos que se estableza. Esta redución será aplicable tanto para inmobles con recollida en contedores colectivos como naqueles con recollida en contedores de uso exclusivo".

Finalmente, propónse a seguinte modificación con unha vacatio legis.

- No artigo 6, no seu parágrafo antes do apartado de "Cotas tributarias aplicables", onde di: "A *solicitud*, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para gozar destas reducións deberá ser presentada antes do 1 de marzo do ano correspondente ao pagamento da taxa", modifícala co seguinte tenor: "A *solicitud*, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para gozar destas reducións deberá ser presentada antes do 31 de decembro do ano anterior ao pagamento da taxa
- Inclusión de unha **disposición transitoria**, no senso de que a modificación operada na data límite de presentación das solicitudes de tarifa reducida entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2027.

Segundo: Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación e nun dos xornais de maior difusión da provincia, todo isto de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA A REPROBACIÓN DO MINISTRO DE TRANSPORTES E MOBILIDADE SOSTIBLE E INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA Á REPOSICIÓN DAS PARADAS NA ESTACIÓN DA GUDIÑA (EXPTE. Nº 2025/22405E).

D. José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

De igual maneira que a cidadanía das comarcas afectadas, así como toda a provincia de Ourense, representada polos líderes das distintas formacións e organizacións proclamaron

na manifestación realizada o pasado mes de agosto o seu rexeitamento pola supresión de paradas do tren na estación de A Gudiña, desde o Grupo Provincial Popular esiximos que o señor Ministro rectifique a súa decisión de suspender as frecuencias, pasando de 56 a 41 semanais, recoñecida por el mesmo no Senado.

Desde o Grupo Provincial Popular esiximos que non siga dicindo que a situación é mellor agora, xa que o aumento do número de prazas de tren débese ao aumento dos convois novos que están dotados de máis asentos.

Este feito non implica un mellor servizo, senón un empobrecemento da situación, dado que se eliminaron as paradas máis efectivas e importantes para o desenvolvemento da comarca. Estas paradas eran as que máis movemento de viaxeiros captaban, repercutindo negativamente nas comarcas afectadas en todos os sentidos, xa que permitían a unha gran parte da cidadanía acceder a un medio transporte de calidade, cuns horarios axeitados ás súas necesidades.

A súa irresponsabilidade nesta problemática é ineludible, dado que nunca asumiu a súa responsabilidade política ao non presentar a súa dimisión ante a evidencia dunha xestión nefasta e deficiente, agravada polas súas declaracións.

O ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, Óscar Puente, declarou que a Alta Velocidade é “unha ferramenta para a cohesión territorial”, aínda que aclarou que “non se pode cometer o erro de asegurar que é un elemento de vertebración da España baleirada”, e que a supresión de frecuencias do tren que une Madrid e Galicia “incrementou o número de viaxeiros”.

Tamén declarou lembrando que “a Alta Velocidade é un servizo comercial, non un servizo público nin de interese público, e réxese polas regras do mercado”, e que “tiñamos uns trens a Galicia, en concreto á Coruña e a Vigo, que son os dous polos entre os que hai que mover o maior volume de persoas, xa que estaban a tardar demasiado, empregando uns tempos pouco competitivos, ou que -o tren “mañaneiro” non o collía a xente.

Ante esta realidade, é necesario saber que os Fondos de Cohesión da Unión Europea son para reducir disparidades económicas entre os territorios, e os Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER) son para a creación de infraestruturas e redución de desigualdades, xerando oportunidades nas rexións con máis dificultades.

A cargo destes fondos de vertebración (principio fundacional da UE), España obtivo aproximadamente unha cifra superior aos 470 millóns de euros para a liña de alta velocidade a Galicia, sendo agora, segundo declaracións do Señor Ministro, un servizo comercial. Sendo isto, de todo punto, erróneo, xa que non é unha empresa nin total nin

parcialmente privada, senón publica na súa totalidade e cuns orzamentos que deben ser aprobados no Congreso dentro dos orzamentos xerais do Estado.

Orzamentos que hai anos que non se presentan nin aproban, o que compromete a sustentabilidade do servizo que presta RENFE nas infraestruturas do ADIF, ambas públicas. Segundo o artigo 3 o Real Decreto 2396/2004, do 30 de decembro, no que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial RENFE-Operadora, o obxecto da entidade pública empresarial é a prestación de servizos de transporte ferroviario, tanto de viaxeiros como de mercadorías, que incluírá o mantemento de material rodante e doutros servizos ou actividades complementarias ou vinculadas ao transporte ferroviario, nos termos establecidos na Lei do Sector Ferroviario e nas normas que a desenvolvan.”

O Ministro tenta tapar esta xestión manipulando datos e ocultando que os actuais horarios son totalmente ineficientes para o uso do tren nas comarcas afectadas e dicindo en varias declaracións que o tren, servizo publico con operadora de titularidade pública, non é un medio para vertebrar España, cando este o principal argumento exhibido polo Goberno ante a Unión Europea na obtención de fondos para a construción de infraestruturas a través de ADIF e a compra de material rodante para a prestación de servizos, que opera na súa inmensa maioría RENFE.

Talvez, se en lugar de tanta propaganda e autobombo, se dedicara a investir e xestionar a mellora da rede de ferrocarrís en xeral e a do seu mantemento e seguridade en particular, as cousas poderían ser doutra maneira e non estaríamos a sufrir tantos e tan penosos contratemplos.

Contratemplos que se produciron pola ausencia de medios para evitalos e de indicadores de seguimento para previlos, así como pola negativa para asumir responsabilidades polos prexuízos que están a sufrir as decenas de miles de pasaxeiros que se están vendo prexudicados de forma directa coa perda das súas conexións laborais, citas médicas, vacacións ou compromisos persoais.

En realidade, non podemos esperar outra cousa diante do abandono e o desleixo sistemático por parte do Goberno, co mantemento das infraestruturas ferroviarias e do material rodante, nos que hoxe se inviste por este concepto un 16% menos que hai unha década, a pesar de que a rede é moito máis extensa e obsoleta que entón.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense reproba ao ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, D. Óscar Puente Santiago, pola súa acreditada e manifesta*

incapacidade á fronte do seu Ministerio, así como polos seus permanentes comportamentos indignos e impropios dun ministro do Goberno de España respecto da provincia de Ourense.

2.- O Pleno da Deputación acorda esixir ao Goberno de España:

- *Reverter de forma inmediata os actuais horarios e volver á situación anterior ao mes de xuño, tal e como quedou constancia na manifestación multitudinaria celebrada na Gudiña o pasado mes de agosto.*
- *Elaborar de maneira inmediata un plan de atención urxente aos viaxeiros na Gudiña, dotando a súa estación de todos os servizos e infraestruturas necesarias para o seu óptimo funcionamento, no que se articularán medidas de actuación con atención inmediata ás persoas vulnerables e as que se despracen por motivos atención sanitaria, tal como repetiu en varias ocasións a Asociación Contra o Cancro, pola dificultade de poder acceder a tratamentos ao aumentar o custo de desprazamento e aloxamento para persoas con poucos recursos e a molestia de ter que permanecer longo tempo fóra dos seus fogares, o que redunda nunha menor eficacia dos tratamentos.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de Democracia Ourenzana (2), e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense reproba ao ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, D. Óscar Puente Santiago, pola súa acreditada e manifesta incapacidade á fronte do seu Ministerio, así como polos seus permanentes comportamentos indignos e impropios dun ministro do Goberno de España respecto da provincia de Ourense.

2.- O Pleno da Deputación acorda esixir ao Goberno de España:

- Reverter de forma inmediata os actuais horarios e volver á situación anterior ao mes de xuño, tal e como quedou constancia na manifestación multitudinaria celebrada na Gudiña o pasado mes de agosto.
- Elaborar de maneira inmediata un plan de atención urxente aos viaxeiros na Gudiña, dotando a súa estación de todos os servizos e infraestruturas necesarias para o seu óptimo funcionamento, no que se articularán medidas de actuación con atención inmediata ás persoas vulnerables e as que se despracen por motivos

atención sanitaria, tal como repetiu en varias ocasións a Asociación Contra o Cancro, pola dificultade de poder acceder a tratamentos ao aumentar o custo de desprazamento e aloxamento para persoas con poucos recursos e a molestia de ter que permanecer longo tempo fóra dos seus fogares, o que redonda nunha menor eficacia dos tratamentos.

8.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A MELLORA DAS CONDICIÓN LABORAIS E ASISTENCIAIS NOS CENTROS DE REFORMA XUVENIL E PROTECCIÓN DE MENORES DA PROVINCIA DE OURENSE (EXPTE. Nº 2025/22360T).-

D.^a Sherezade Núñez Rodríguez, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

A provincia de Ourense conta con tres centros de reforma xuvenil e protección de menores de relevancia estratéxica para Galicia: Monteledo, Montefiz e Montealegre. Monteledo dispón de 37 prazas en réxime pechado, semiaberto e aberto para o cumprimento de medidas xudiciais. Montefiz é o único centro de toda Galicia especializado en internamento terapéutico para menores con trastornos de saúde mental, cunha capacidade de 23 prazas. Montealegre está dirixido á protección de menores en situación de desamparo. Ademais, a provincia alberga outros oito centros de entidades privadas que ofrecen prazas en réxime residencial e de día, sumando unhas 192 prazas en total. Galicia ten na actualidade arredor de 700 menores institucionalizados segundo datos do Ministerio de Xuventude e Infancia, sendo a cuarta comunidade do Estado con maior número de crianzas en instalacións desta índole. A xestión destes centros, malia prestar un servizo público esencial, está practicamente privatizada, recaendo na Fundación Diagrama e outras entidades sen ánimo de lucro que empregan a preto de 1.000 traballadores e traballadoras en case 80 centros en toda a comunidade.

Desde outubro de 2023, as traballadoras e traballadores dos centros de menores veñen denunciando unha situación de acentuada precariedade laboral que compromete tanto os seus dereitos como a calidade da atención. A CIG-Ensino, sindicato maioritario no sector con máis do 60% de apoio dos profesionais, iniciou unha campaña de recollida de sinaturas baixo o lema "Polas melloras laborais, sociais e salariais: convenio galego xa!". As reivindicacións inclúen: 1) salarios dignos, xa que moitos profesionais cobran por debaixo do salario mínimo interprofesional; 2) a corrección de ratios abusivas que obrigan ao persoal educador a atender quendas de 24 horas con poucos recursos; 3) a contratación de persoal de substitución para cubrir baixas e permisos; 4) a mellora das instalacións e dotación de

recursos materiais e didácticos; e 5) a negociación dun convenio colectivo galego que substitúa ao precario marco estatal. O V Convenio Estatal de Reforma Xuvenil e Protección de Menores para o período 2026-2029 foi rexeitado polos traballadores e patronais galegas AGACEME e GAFIX, que o consideran insuficiente e totalmente alleo ás necesidades propias de Galicia.

A inacción da Xunta de Galicia resulta alarmante e inaceptable. A Consellería de Política Social, baixo a responsabilidade de Fabiola García, leva máis dun ano ignorando as peticións de reunión dos representantes sindicais, malia o apoio maioritario dos traballadores e o respaldo mesmo das patronais galegas á negociación dun convenio autonómico. En maio de 2025, delegados da CIG protagonizaron un peche nas instalacións da Xunta en San Caetano para esixir ser recibidos. O pasado xuño, prodúcese un novo rexistro de solicitude de reunión que queda sen resposta. En xullo, tras unha xuntanza co director xeral de Familia, este non asumiu compromiso ningún. En setembro, ten lugar outra concentración diante da Consellería, e en outubro os traballadores convocaron unha folga para o 6 de novembro para os sectores de protección e reforma de menores, atención á discapacidade e escolas infantís, afectando a máis de 5.000 profesionais galegos. A Xunta limítase a dicir que os convenios son un asunto entre patronal e sindicatos, eludindo a súa responsabilidade como administración competente que financia e supervisa estes servizos públicos esenciais.

A Deputación de Ourense ten a responsabilidade de visibilizar esta problemática e instar ás administracións competentes a actuar con urxencia. Os concellos da provincia onde se sitúan estes centros adoitan despregar unha colaboración indirecta, facilitando información ás familias, tramitando permisos, proporcionando locais ou coordinando servizos municipais. A Deputación debe apoiar esta labor municipal e esixir da Xunta de Galicia que asuma as súas responsabilidades, garantindo financiamento suficiente, negociando un convenio galego digno e mellorando as condicións tanto dos traballadores como dos menores atendidos. É inadmisibile que a precariedade laboral dos profesionais comprometa a atención aos menores máis vulnerables, impedindo o seguimento individualizado e a estabilidade que estas crianzas e adolescentes precisan para o seu desenvolvemento. A inacción non debería ser unha opción para a Deputación diante dunha situación que afecta directamente aos menores máis vulnerables e aos profesionais que os atenden na nosa provincia.

Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a recibir de inmediato aos representantes sindicais e patronais do sector de reforma xuvenil e protección de menores para negociar un Convenio Colectivo Galego que dignifique as condicións laborais, salariais e sociais dos traballadores e traballadoras, garantindo salarios por riba do SMI, que contemple ratios axeitadas, persoal de substitución, a mellora de instalacións e dotación de recursos materiais e humanos suficientes nos centros da provincia de Ourense.

SEGUNDO.- Demandar da Consellería de Política Social que incremente o financiamento e control público dos centros de menores, priorizando a calidade da atención sobre criterios puramente economicistas, e que garanta a máxima transparencia na xestión dos recursos públicos destinados a este servizo esencial.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Socialista (7), do BNG (3) e de Democracia Ourenzana (2), e a abstención do Grupo Popular (12), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a recibir de inmediato aos representantes sindicais e patronais do sector de reforma xuvenil e protección de menores para negociar un Convenio Colectivo Galego que dignifique as condicións laborais, salariais e sociais dos traballadores e traballadoras, garantindo salarios por riba do SMI, que contemple ratios axeitadas, persoal de substitución, a mellora de instalacións e dotación de recursos materiais e humanos suficientes nos centros da provincia de Ourense.

SEGUNDO.- Demandar da Consellería de Política Social que incremente o financiamento e control público dos centros de menores, priorizando a calidade da atención sobre criterios puramente economicistas, e que garanta a máxima transparencia na xestión dos recursos públicos destinados a este servizo esencial.

9.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA APOIAR AO SECTOR DA DISCAPACIDADE INTELLECTUAL NA PROVINCIA E RECLAMAR UN FINANCIAMENTO XUSTO E SUFICIENTE DOS SERVIZOS SOCIAIS (EXPTE. Nº 2025/22363A).-

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

FADEMG Plena inclusión Galicia, que agrupa a 42 entidades que traballan a prol das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, representa a 10.720 persoas con discapacidade intelectual, con 7.332 socios e 1.834 profesionais en toda a comunidade

autónoma. A súa rede asistencial comprende 34 centros ocupacionais, 30 centros residenciais, 27 vivendas ou pisos tutelados, 15 centros de educación e 14 centros de emprego, configurando un tecido esencial para a inclusión e benestar de milleiros de familias. Na provincia de Ourense, varias destas entidades prestan servizos indispensables que garanten dereitos fundamentais e posibilitan a participación social efectiva das persoas con discapacidade intelectual. Sen embargo, o sector atravesa unha situación crítica que ameaza a súa supervivencia e, con ela, a continuidade dun apoio esencial para a nosa veciñanza máis vulnerable.

Entidades federadas a FADEMGGA están a sufrir de asfixia económica derivada do incremento dos custos salariais e de funcionamento, mentres os módulos económicos do concerto social que financian estes servizos permanecen practicamente conxelados. A aprobación do XVI Convenio Colectivo supuxo incrementos salariais do 10% para traballadoras e traballadores, ao que hai que sumar unha inflación acumulada superior ao 10,5% e a suba do Salario Mínimo Interprofesional do 18,4% nos últimos anos. Fronte a este incremento real dos custos operativos, a Xunta de Galicia só propuxo unha actualización dos módulos do concerto social que oscila entre o 5,40-7,88%, que resulta insuficiente para garantir a viabilidade de centros e servizos. Este desfase recae directamente sobre as entidades, que deben asumir en solitario uns custos crecentes sen dispoñer de fondos adicionais, o que compromete a calidade dos servizos e a estabilidade do emprego no sector.

A gravidade da situación levou ás entidades a lanzar unha campaña baixo o lema "A discapacidade intelectual en loita. Sen financiamento non hai futuro", apoiada unanimemente pola asemblea da federación e do groso dos municipios onde desenvolven a súa labor. Unha mobilización que evidencia a desesperación dun sector tradicionalmente comedido, que agora se ve obrigado a denunciar publicamente a falta dun financiamento xusto que pon en risco servizos esenciais, a estabilidade do cadro de profesionais que os sosteñen e a continuidade dos apoios para persoas con discapacidade intelectual e as familias. A propia patronal do sector, a Asociación Empresarial para a Discapacidade Intelectual e do Desenvolvemento de Galicia (AEDIGAL), chegou a advertir sobre a posibilidade real de peche de centros e a necesidade de entregar simbolicamente as chaves destes á administración autonómica pola imposibilidade de mantelos baixo as actuais condicións financeiras.

A responsabilidade de corrixir esta situación recae directamente na Xunta de Galicia e na súa Consellería de Política Social e Igualdade, competente en materia de concerto social e

financiamento dos servizos para persoas con discapacidade. A pesar de que a administración autonómica destina en 2025 máis de 176 millóns de euros ao ámbito da discapacidade, a distribución e actualización destes fondos resulta claramente insuficiente para cubrir as necesidades reais do sector. Ademais, a Consellería segue sen convocar unha mesa de negociación real e directa, a pesares das peticións formais cursadas desde hai meses por FADEMGA e AEDIGAL, evidenciando falta de vontade política para abordar o problema de raíz. A ausencia de diálogo e dunha acaída actualización dos módulos contrasta coa situación doutras comunidades autónomas que, co mesmo marco de financiamento estatal en materia de dependencia e servizos sociais, optaron por priorizar o incremento dos concertos e garantir a sustentabilidade das entidades sociais.

Ourense, polas súas particulares condicións sociodemográficas, precisa duns servizos sociais robustos e de calidade que garantan a atención ás persoas en situación de vulnerabilidade. A desaparición ou deterioro dos servizos prestados polas entidades de discapacidade intelectual suporía un duro golpe para moitas familias, que ficarían sen apoio para o coidado, educación, emprego e inclusión social dos seus achegados con discapacidade. Comprometida co benestar da provincia, a Deputación non pode manterse á marxe e debe alzar a voz para reclamar solucións urxentes que garantan a continuidade deste servizo esencial. Do mesmo xeito que os socialistas temos demandado desta Deputación liñas de apoio complementario aos concellos en materia de Servizo de Axuda no Fogar polo insuficiente financiamento autonómico, urxe explorar mecanismos de apoio ás entidades de discapacidade intelectual provinciais mentres persista o desequilibrio nas achegas da Xunta.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO:***

PRIMEIRO.- *Instar á Xunta de Galicia e á súa Consellería de Política Social e Igualdade a convocar con urxencia unha mesa de negociación co sector da discapacidade intelectual (FADEMGA e AEDIGAL) e a actualizar suficientemente os módulos do concerto social para cubrir o incremento de custos derivados do XVI Convenio Colectivo, a inflación e a suba do SMI, garantindo a viabilidade das entidades, a calidade dos servizos e a estabilidade laboral.*

SEGUNDO.- *Apoiar publicamente a campaña "A discapacidade intelectual en loita. Sen financiamento non hai futuro" impulsada por FADEMGA Plena inclusión Galicia, subscribindo as reivindicacións de entidades e familias, e comprometerse a Deputación de Ourense ao estudo de liñas de financiamento complementarias, dentro das súas*

competencias e capacidades, para apoiar ás entidades de discapacidade intelectual da provincia pola insuficiencia de fondos autonómicos.

Nesta moción presenta o BNG unha emenda “in voce” que é aceptada polo grupo propoñente da moción.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#)

Non se producen máis intervencións e sométese a votación primeiramente a emenda “in voce” do BNG que é rexeitada ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (7) e do BNG (3), a abstención de Democracia Ourenzana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12).

Seguidamente sométese a votación a moción que é rexeitada co voto a favor do Grupo Socialista (7), a abstención do BNG (3) e de Democracia Ourenzana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12).

10.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A PARALIZACIÓN DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DUNHA MACROPLANTA DE BIOGÁS NO CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA (EXP. Nº 2025/22202A).-

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

O biogás e o biometano son fontes de enerxía renovábel obtidas a partir da descomposición de materia orgánica, como xurros gandeiros, esterco, residuos agrícolas, ou mesmo restos da industria alimentaria.

Estas plantas ofrecen unha serie de oportunidades:

- *Son unha fonte de enerxía renovable.*
- *Apoian a redución de gases de efecto invernadoiro.*
- *Poden permitir unha xestión de excedentes de xurros en explotacións con elevadas cargas gandeiras e, ao mesmo tempo, un aproveitamento enerxético de autoabastecemento.*

Pero tamén supoñen problemas e riscos potenciais:

- *Alto investimento inicial.*
- *Loxística do aporte de materia prima.*
- *Aceptación social.*
- *Incerta viabilidade económica.*
- *Posibles problemas ambientais e contaminantes.*

Así pois, as plantas de biogás poden ser unha oportunidade, pero tamén unha ameaza. Ameaza especialmente cando nos referimos a Macroplantas, ligadas exclusivamente a un

obxecto puramente especulativo e comercial. Oportunidade cando nos referimos ao aproveitamento no ámbito local, e para autoconsumo, de pequenas plantas ligadas a un reducido número de explotacións gandeiras.

*Unha vez aclaradas estas xeneralidades, vaíamos coa información da que dispoñemos ao respecto da planta que a empresa **Biofertilizantes Xunqueira de Ambía S.L.** (grupo ENCE) pretende implantar entre os núcleos de Brandela e Bustelo no concello de Xunqueira de Ambía:*

Principais datos do proxecto:

- *A planta ocuparía máis de **170.000 m2 de superficie.***
- *Prevese o tratamento de **166.000 toneladas anuais de residuos**, boa parte deles considerados **SANDACH de categoría 2** (polo tanto tamén poderá procesar categoría 3) que son dos de **maior contaminación olfativa (procedentes de matadoiros e subprodutos animais)**. Esta contaminación olfativa será especialmente agresiva (segundo a tendencia dos ventos predominantes na zona) para parroquias de Xunqueira de Ambía e Sandiás.*
- *O proxecto contempla a circulación de **50 camiións diarios**, o que representa un impacto evidente na mobilidade e no tráfico rodado da zona.*
- *Estimase un consumo anual de **3,5 millóns de litros de auga**, extraídos de captacións propias que aínda sendo un consumo moderado, falta por determinar á afectación aos mananciais e non ofrece garantías claras sobre a súa dispoñibilidade nin efectos.*
- *O proxecto admite unha **previsión máxima de 1 0 empregos directos.***
- *Producirá máis de 36.000 t/ano de efluentes, 33.000 t/ano de fertilizante líquido e 30.000 t/ano de fertilizante sólido.*
- *Producirá importantes niveis de intensidade de **ruído** nos núcleos máis achegados á planta de procesado.*

Así pois, destes datos podemos concluír que se trata dunha Macroplanta de produción de biogás ou biometano. Isto implica unha dimensión exclusivamente comercial, sen que permita supoñer moito beneficio para a comarca da Limia, e especialmente para os pobos e veciñanza directamente afectada.

Para maior e mellor información, aínda que non figure no proxecto presentado pola empresa, compre indicar que a zona escollida para ubicar físicamente a planta de biogás, é lindeiro coa Zona ZEPA (especial protección de aves), e, segundo aseguran as persoas que

alí viven, é moi común que en épocas de chuvia, quede ASULAGADA, polo tanto ZONA INUNDABLE co risco de filtracións de produtos contaminantes (dixestato e augas residuais). E este asunto da xestión das augas e líquidos lixiviados produto do proceso de produción de gas, é un tema importante pois, segundo describe a empresa promotora, serán utilizados como "biofertilizantes", cuestión esta rexeitada polo sector agrario da comarca, xa que como é sabido estamos nunha zona con altos valores de Nitróxeno, e os líquidos resultantes do proceso produtivo conteñen moi altos valores de Nitróxeno e Fosforo; o que contribuiría a maiores problemas de xestión da ZVN.

Compre deixar claro que as plantas de biogás **EN NIGÚN CASO SUPOÑEN ELIMINACIÓN DE NITRATOS NIN FOSFATOS**, xa que o proceso de produción de biogás xera unha parte líquida con alta concentración de nitróxeno, e unha parte sólida (dixestato) composto de nitróxeno e fosfato.

Polo tanto, nada aportan á solución da declaración de Zona Vulnerable por Nitratos na comarca da Limia e que é a responsable da contaminación de acuíferos até o encaro das Conchas. Para abordar esta situación, desde hai varios anos, no BNG levamos esixindo que a Xunta de Galiza poña en marcha, na súa integridade, o Plan da Limia.

O pasado venres 10 de outubro tivo lugar unha xuntanza de veciñas e veciños afectados na que se nos transmitiu as seguintes inquedanzas:

- Posible **desvalorización das vivendas e fincas** da contorna.
- Impacto nos recursos hídricos e na calidade do aire.
- Incerteza sobre o **destino das augas residuais e do dixestato**, o subproduto que queda tras a produción de biogás, **a día de hoxe sen regulación específica en Galiza.**
- Dubidas sobre a **viabilidade económica real do proxecto** e os beneficios para o municipio.
- Temor a que a planta abra a porta á chegada de máis macroproxectos similares, como xa pasou noutras zonas da provincia.

Ante todo isto o grupo nacionalista propomos os seguintes acordos ao Pleno da Deputación provincial de Ourense

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza á inmediata elaboración dunha normativa reguladora das plantas biogás e a súa implantación en Galiza (ao igual que se ten feito en outras CC.AA.), e mentres esta non está en vigor, se proceda a paralización da tramitación administrativa do actual proxecto.

2. *Ampliación do prazo de alegacións en 1 mes desde a publicación do proxecto/memoria técnica para permitir que todas as persoas a título individual ou colectivo podan estudar as posibles afectacións do proxecto, e realicen as oportunas alegacións.*
3. *Que os servizos xurídicos e técnicos da Deputación Provincial de Ourense elaboren alegacións fronte a este proxecto, e na defensa da veciñanza afectada.*
4. *Que desde a Deputación Provincial non se financien con fondos nin recursos (materiais ou humanos) propios a instalación de macroplantas de biogás ou biometano.*
5. *Elaborar un programa de formación e difusión, especialmente na comarca da Limia, sobre as oportunidades favorables que poden representar as pequenas plantas de biogás asociadas ao ámbito local e ligadas a unha ou varias explotacións gandeiras e/ou agrarias, priorizando o autoconsumo de enerxía.*

A esta moción preséntanse dúas emendas “in voce”, unha polo Grupo Socialista e outra polo Grupo Popular, e ambas as dúas son aceptadas polo grupo proponente da moción. A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións e sométese en primeiro lugar a votación a emenda do Grupo Socialista que é aprobada pola totalidade dos membros presentes.

En segundo lugar sométese a votación a emenda do Grupo Popular que é aprobada pola totalidade dos membros presentes.

E a continuación sométese a votación a moción coas emendas aprobadas que, co voto a favor da totalidade dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza á inmediata elaboración dunha normativa reguladora das plantas biogás e a súa implantación en Galiza.
2. Solicitar a ampliación do prazo de alegacións en 1 mes desde a publicación do proxecto/memoria técnica para permitir que todas as persoas a título individual ou colectivo podan estudar as posibles afectacións do proxecto, e realicen as oportunas alegacións, salvo que houbera unha nova exposición pública.
3. Que os servizos xurídicos e técnicos da Deputación Provincial de Ourense elaboren alegacións fronte a este proxecto, e na defensa da veciñanza afectada, dentro das competencias propias da Deputación Provincial.

4. Que desde a Deputación Provincial non se financien con fondos nin recursos (materiais ou humanos) propios a instalación de macroplantas de biogás ou biometano.
5. Solicitar a elaboración dun programa de formación e difusión por parte da Xunta de Galicia, especialmente na comarca da Limia, sobre as oportunidades favorables que poden representar as pequenas plantas de biogás asociadas ao ámbito local e ligadas a unha ou varias explotacións gandeiras e/ou agrarias, priorizando o autoconsumo de enerxía.

11º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

Non se presentan.

12º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

1.- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de setembro de 2025.

Os membros da Corporación quedan informados.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13](#)

E, ás 14.48 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización

da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

```
<iframe width="560" height="315"
src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2025/10/31/Grabando_en31-10-
2025/video_202510311002000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer;
autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>
```